

XUNTA
DE GALICIA Saída 940387 / RX 1146023
REXISTRO ELECTRÓNICO
SANTIAGO DE COMPOSTELA Data 23/06/2022 11:13:30



RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR NA CORUÑA QUE AUTORIZA A EXTRACCIÓN DE PERCEBE EN BANCOS DO ÁMBITO DO PLAN DE XESTIÓN DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE MUXÍA DURANTE O MES DE XULLO

ANTECEDENTES

1. O 10.06.2022, ás 14:26 horas, a confraría de pescadores de Muxía solicita autorización para a extracción de percebe en bancos do ámbito do seu plan de xestión durante o mes de xullo.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Tense en conta a seguinte normativa:
 - O Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - O Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas.
 - A Orde do 22 de decembro de 2021 (DOG nº 251, do 31 de decembro de 2021), pola cal se aproban os plans de xestión de recursos específicos e de algas en Galicia para o trienio 2022-2024.
2. Recíbense os seguintes informes:
 - Informe da bióloga de zona do 22.06.2022.
 - Informe favorable do INTECMAR (Instituto tecnolóxico para o control do medio mariño) do 20.06.2022.

En todo caso esta apertura está condicionada ao estado das zonas de produción da área de traballo que corresponda a este plan de xestión e que o INTECMAR publica na súa páxina web <http://www.intecmar.gal>, no apartado *INFORMACIÓN DO ESTADO DAS ZONAS DE PRODUCCIÓN*.

Esta xefatura territorial é o órgano competente para resolver segundo o artigo 20.1 do Decreto 153/2019 do 21 de novembro.

Tendo en conta todo o anterior RESOLVO:

Autorizar a extracción de percebe nos bancos do ámbito do plan de xestión da confraría de pescadores de Muxía segundo se recolle a continuación.





En caso de que de xeito extraordinario a entidade xestora do plan comunique a anulación da xornada antes da baixamar, o día de traballo quedará anulado a todos os efectos. Dita comunicación ademais, deberá ser enviada á Subdirección Xeral de Gardacostas ao correo pesca.sala.operacions@xunta.gal e a base de Muxía a javier.pineiro.pouso@xunta.gal

Zonas: De punta Piaduro, marxe esquerda da desembocadura do río Grande, ata punta Nemiña, marxe dereita da desembocadura do río Castro (incluíndo illas e illotes fronte á costa)

Datas:

1,4,5,6,11,12,13,14,15,18,19,20,26,27,28 e 29 de xullo.

Zona A (TOURIÑÁN): de praia de Nemiña a Punta Matemao (CM-026)

Datas:

14 e 15 de xullo.

Zona C (A BARCA): de praia de Lourido a punta Piaduro.

- Subzona C1: de praia de Lourido ata O Carreiro (CM-029)

- Subzona C2: Chorente (CM-030) e Merexo (CM-031)

Solicitan para os días 14 e 15 de xullo a APERTURA DA BARCA UNICAMENTE no caso de que a ALTURA DE ONDA sexa IGUAL OU MENOR A 1,5 m, segundo a información da WEB Windfinder na situación CABO VILÁN. Neste caso a zona de TOURIÑÁN permanecería PECHADA.

Este tipo de solicitude xa foi tramitada e autorizada para os mesmos días en xuño.

Modalidade: a pé e embarcación.

Puntos de control: (ver Condicións adicionais)

- Lonxa de Muxía ($43^{\circ} 6.388'N$; $9^{\circ} 12.938'W$), tanto a pé como a flote, unicamente cando non estean operativos os puntos de control nas zonas de produción.
- A pé:
 - Zona A: Touriñán, saída da pista de Moreira ($43^{\circ} 2.213'N$; $9^{\circ} 15.802'W$)
 - Zona C: A Barca ($43^{\circ} 6.749'N$; $9^{\circ} 13.158'W$), Langosteira ($43^{\circ} 5.940'N$; $9^{\circ} 13.329'W$) e explanada da cetaria de Merexo ($43^{\circ} 6.018'N$; $9^{\circ} 10.946'W$)
- Embarcacións:
 - Peirao de amarre das lanchas da 3ª lista do peirao de Muxía ($43^{\circ} 6.341'N$; $9^{\circ} 12.954'W$).
 - Os puntos de control a pé establecidos por zona no caso de que accedan a pé ao recurso por mal tempo.

O horario do punto de control na lonxa poderá ser ata 1,5 horas despois de finalizar a xornada de traballo, se ben poderá modificarse en caso de detectarse desviacións non xustificadas.

Punto de descarga: pantalán de amarre das lanchas da 3ª lista do peirao de Muxía

Puntos de venda: lonxa de Muxía e outras lonxas autorizadas.

Topes de captura:

- A pé: 5 kg. mariscador/día.
- Embarcación: 5 kg. habilitación enrolado e a bordo/día.

Artes: raspa segundo o Decreto 15/2011.





Horario: dende 1 h 30 min antes ata 1 h despois da baixamar, como tope ata as 18:00h. No caso de apertura da Barca solicitan que o horario sexa máis restritivo, dende 1 h antes a 1 h despois da baixamar ca finalidade de reducir os descartes.

Condições adicionais:

1. Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. As entidades que conten con persoal técnico, a data da solicitude da apertura do plan de xestión, terán que ter actualizados os datos da explotación na ferramenta para o seguimento dos plans habilitada pola consellería (AT2 novo formato actualizado). En caso contrario, os datos da explotación deberán ser remitidos regularmente a esta xefatura territorial, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior no correo da Sección de coordinación técnica da Coruña (seccoordtec.mar.coruna@xunta.gal).
2. **Horario de traballo:** será de 1,5 h antes da baixamar diúrna ata 1 h despois co límite 18:00 h, agás naqueles días nos que pola hora da baixamar non poidan traballar durante un mínimo de 2,5 h antes, para os que deberán especificalo coas solicitudes de apertura.
3. Acéptase traballar os días de extracción con baixamares nas que a altura da marea sexa inferior a 1,30 m co obxecto de preservar o recurso, agás datas xustificadas que deberán concretar nas solicitudes de apertura.
4. Cando nun mesmo plan de xestión se inclúan zonas de traballo a pé e desde embarcación que non están separadas para ambos os colectivos, as persoas tripulantes só poderán **acceder ao recurso** por terra cando o mal tempo dificulte o uso da embarcación. Neste suposto, todas as persoas tripulantes dunha embarcación accederán da mesma forma ao recurso, de acordo coa Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
5. **Puntos de control:** O paso polo punto de control é obrigatorio, e lémbrese o cumprimento do recollido na disposición adicional quinta da Orde do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula o control da descarga e do transporte dos produtos pesqueiros frescos ata a fase de primeira venda e o transporte de moluscos bivalvos, equinodermos, tunicados e gasterópodos mariños vivos: "No caso de produtos pesqueiros frescos que teñan que pasar un punto de control, de acordo co plan de explotación correspondente, a mercadoría non poderá ser retirada deste punto polo mesmo propietario que a entrega."
6. No punto de control será recollida de información técnica necesaria para o seguimento da explotación. Recoméndase que o produto se seleccione na zona de produción (agás que as condicións meteorolóxicas o impidan), e cando o punto de control este operativo nas zonas de traballo se precinte o produto e emita un ticket, se traslade á lonxa e permaneza no lugar disposto pola mesma, tanto si se vende na lonxa local como antes de obter os documentos necesarios (declaración de recollida ou documento transporte) no caso de venda en lonxa diferente. Por outra parte, é responsabilidade das entidades titulares dos plans habilitar as medidas necesarias para o cumprimento do plan co fin de acadar unha explotación sostible no tempo.
Un funcionamento inadecuado dos puntos de control que afecte á explotación poderá supor que a xefatura territorial, adopte as medidas de xestión necesarias para as modalidades que determine, co obxecto de que a extracción do recurso sexa sustentable.
7. Zonas de reserva para a **extracción de semente de mexillón:** o artigo 13.2. do Decreto 153/2019, do 21 de novembro, indica que no marco dos plans de xestión poderanse reservar zonas para a extracción de semente de mexillón. Neste censo na Circular MA-03-2021 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, establécense as condicións





que deberán seguir os plans de xestións para a inclusión das citadas zonas de reserva. Así mesmo a explotación da mexilla realizarase segundo o establecido na Orde do 26 de outubro de 2000 pola que se regula a extracción de semente de mexillón en bancos naturais (DOG nº 228, de 24 de novembro de 2000, e corrección de erros DOG nº 17, do 24 de xaneiro de 2001).

8. **Comercialización:** cando non se efectúe a primeira venda dos produtos na lonxa do porto de desembarque estarase ao disposto no capítulo II da orde do 8 de febreiro de 2008 pola que se regula o control pola que se regula o control da descarga e do transporte dos produtos pesqueiros frescos ata a fase de primeira venda e o transporte de moluscos bivalvos, equinodermos, tunicados e gasterópodos mariños vivos.

Así mesmo terase en conta o disposto no artigo 10.1 do Decreto 419/1993, do 17 de decembro, pola que se refunde a normativa vixente sobre descarga, primeira venda e comercialización dos recursos mariños en fresco, modificado polo Decreto 101/2006, do 8 de xuño:

Art. 10.1. Efectuada a descarga, procederase á venda na lonxa ou centro de venda do porto de descarga. Non obstante, se o propietario das especies descargadas decide vender estas nunha lonxa ou centro de venda distintos do porto de descarga, poderá facer o transporte das ditas especies por vía terrestre ata a lonxa ou centro de venda de destino.

As solicitudes de apertura, así como calquera outro asunto relativo á resolución de apertura (modificacións das zonas de extracción ou datas, anulacións, etc), enviaranse a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, mediante presentación electrónica.

Contra esta resolución que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo dun mes contado dende o día seguinte á notificación ou publicación desta resolución, segundo dispón a Lei 39/2015, do 1 de outubro, nos seus artigos 30, 121 e 122 (sección 2ª do capítulo II).

Mediante este documento notifícaselle á confraría de pescadores de Muxía esta resolución, segundo o esixido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A xefa territorial
Mª José Cancelo Baquero

